

1

### Exprésate abertamente

Organizamos unha fórmula para atender especificamente aos colectivos con implantación territorial, de tal xeito que poidan expresar en todo momento as súas aspiracións, opinións, puntos de vista ou críticas sobre calquera asunto que desexen.

8

### Calidade democrática

Profundízase así nun modelo de cidade e concello cohesionado e de profundos valores democráticos e alta calidade, combinando a participación directa da cidadanía cos mecanismos institucionais.

2

### Implicáte nos asuntos públicos

Nace Pontevedra Participa, un sistema de participación pública nos asuntos municipais que servirá para fomentar a implicación dos veciños e veciñas no futuro de cada barrio ou parroquia.

3

### Concelleiros/as responsábeis

A responsabilidade de Servizos Territorializados do Goberno Municipal está formada por 6 concelleiros. Luis Bará coordena as áreas urbanas e Raimundo González as rurais. Tes os seus nomes e territorios na contraportada deste folleto.

4

### Atención específica

Os concelleiros e concelleiras responsabeis de cada territorio atenderán as demandas cidadáns nun lugar (un centro social, casa da cultura ou semellante) e nun momento determinado (un día á semana)

5

### Calquera asunto

Cultura, obras públicas, infraestruturas, mobilidade, patrimonio, servizos públicos, ambiente, sanidade, etc... calquera cuestión pode ser abordada ou debatida neste sistema participativo, mentres que Educación e Deporte teñen as súas canles específicas, nas ANPAS e o IMD.



Pontevedra  
**participa**

7

### Participa activamente

**A túa participación activa nas entidades sociais é importante para lograr resultados positivos. Anímate a tomar a palabra e verás como entre todas e todos conseguimos maiores retos.**

6

### Consellos Territoriais

Avanzaremos na constitución dos Consellos Territoriais, nos que estarán representadas todas as entidades colectivas de cada parroquia ou barrio, e serán foros que expresen regularmente a opinión colectiva de cada territorio.